

Fiz Vergara Vilariño: Na procura (falida) da muller

Helena González Fernández

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, HELENA (2011 [1991]). “Fiz Vergara Vilariño: Na procura (falida) da muller”. *Dorna*: 17, 127-128. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/635>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, HELENA (1991). “Fiz Vergara Vilariño: Na procura (falida) da muller”. *Dorna*: 17, 127-128

* Edición dispoñíbel desde o 12 de abril de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

FIZ VERGARA VILARIÑO:
Na procura (falida) da muller.

Helena González Fernández

Comeza-la lectura deste libro polo máis axeitado dos resumos que ninguén poderá facer del (“A min mesmo / porque ti... estás lonxe” é a adicatoria do libro) significa pó-lo pé nas chagas do poeta, que se abre para unha muller, para calquera que queira ser esa muller, ou mesmo ese poeta.

Establece, daquela, en *Nos eidos da bremanza*, o monólogo senlleiro, namorado, e ceiba o seu pranto por aquela que debeu estar e nunca apareceu: “Ó espertar quero apalparte, alongo / a miña man tremante ó baleiro das sabas / (¡oh deserto recinto onde nunca habitaches!)”.

Iniciamos, a través do bucolismo real de quen vive no medio del, a andaina polos vellos lugares de encontro que xa aparecían nos nosos clásicos medievais e mais nos universais renacentistas, non menos nosos: o muíño, a cova, a fontenla, as cereixas... Sempre coa inalterabilidade frescal da paisaxe que permanece inmóbil e viva a un tempo, pola que parecen pasa-las estacións porque está varada e non muda, permanecendo naquel punto que ó poeta lle parece máis expresivo, máis esencial, máis carnal e doído. Vemos que é asemade pai e fillo da natureza na que está mergullado, por iso este encontro éo ó tempo cos clásicos e co propio entorno de Fiz Vergara Vilariño, coa *fonte dos textos* e mais con “esa fonte da Cova Garuleira/xigantesca vaxina de caliza”, coma a Lóuzara, a Lóuzara Xabreira.

Todo ó seu arredor é feminino, ten corpo de muller, porque tamén o poeta ten corpo, e nel agroman as dores do tempo

que pasa “mentres os meus sangumiños se esfarelan de amor, podrecen engorde,/engorde,/ engordíñamente”. É feminino todo o libro, coma os soños e as queixas do autor, por iso adopta sempre esa acertada postura de eu poético falándolle a alguén previamente configurado, a unha muller.

Só ó final, na derradeira parte, as *Sopas de burro cansado*, foxen a ese carácter. Son unha mestura de poemas desordeados e alleos entre si. Rachan coa temática común previa e pisan noutros carreiros diferentes pero as pegadas son basicamente as mesmas. A queixa segue, pero xa está gasta, cansa, e así é como se senten as composicións, postas alí, ó final, coma un lazo innecesario e que non consegue mante-lo ton, malia seren doentes e mesmo crueis consigo mesmo, porque o poeta non se arrepción ós sapos, nin ó galo mudo, nin ó can ¡tan canso!. Con todo, quero subliñar unha, “Da infancia perdida”, a mellor de todo o feixe.

O verso tenta ser sinxelo pero ben traballado na primeira parte, onde o versolibrismo lle acae moi ben á solta de sensacións que parece que alguén nos roubou cando as iamos dicir pero que as di mellor. Aí é onde Fiz Vergara Vilariño constrúe as mellores fervenzas, porque os versos son ó tempo seus e de cada un de nós (este é o espacio reservado polo autor para calquera que queira ser ese poeta). O groso do libro, onde escolle o soneto como gorxa axeitada para modula-la súa voz, é un arrendar arreo nos pés renacentistas (na forma e mais no

espírito) e nos culturalismos claros que transcenden a través non só das obvias citas (tan contemporáneas) senón tamén do léxico, da sintaxe sinxela, do paralelismo de raigañas populares pero cun uso marcadamente literario e moderno. As máis das veces son estas estruturas simples e reiteradas as que fan menos arriscada a escalada polo metro pero xa non está afeito o oído de hoxe en día, nin mesmo a palabra, ós xustillos dos silencios previstos, das rimas e dos silencios termados.

Mención á parte cómpre para o caligra-

ma “Ti e mais eu”, onde a estruturación visual é obvia se atendemos ó contido. Neste caso debeu o poeta arriscar máis, deixar que a disposición das liñas ampliase o que xa de seu debuxaban as palabras.

A palabra, ese é o fillo mellorado, o vinculeiro dos sentimentos que lle xorden desde si mesmo e desde o que está ó seu arredor (ou ó teu, se queres ser ese poeta), daquel que só percorre as canellas do desamparo e da inxustiza de ter esperado, moitas veces, á beira do mesmo muíño por min, por ti (se é que queres ser esa muller).